



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, II: Inglés-Español

Materia	Tradución idioma 2, II: Inglés- Español			
Código	V01G230V01507			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Correo-e	brodriguez@uvigo.es			
Web	http://			
Descrición xeral	A materia concíbese como un espazo didáctico en que a/o alumna/o deberá alcanzar competencia na resolución de problemas de dificultade media de tradución de textos xerados en contextos xerais de dificultade media na combinación lingüística inglés > español (tradución 100% directa), sensibilizarse cos aspectos culturais dalgunha das comunidades de falantes da lingua estranxeira e desenvolver as súas habilidades e competencias profesionais na tradución de textos xerais de dificultade media redactados en inglés. Enténdese que o alumno está familiarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución, da tradución do inglés ao español (adquiridos a partir da materia □Tradución Idioma 2, 1 inglés-español□) e que posúe coñecementos razoables das linguas de traballo. Dado que o inglés é a súa segunda lingua estranxeira, suponse que a súa competencia cultural no contexto das comunidades angloparlantes está nun nivel baixo-medio.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C27	Capacidade de razoamento crítico
C29	Formación universitaria específica
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D14	Motivación pola calidade

D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	A1	C1	D4
	A2	C3	D7
	A3	C17	D9
	A4	C18	D14
		C27	
		C33	
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e das súas culturas; dominar os elementos de interferencia léxica e discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión na construción textual nas dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	C1		D4
	C2		D17
	C4		
	C29		
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos de carácter xeral (diversas tipoloxías de uso común: literatura, medios de comunicación, medios audiovisuais, etc.	C1		D4
	C2		D7
	C4		D9
	C8		D22
	C17		D23
	C18		
	C22		
		C27	

Contidos

Tema	
1. Repaso de conceptos e terminoloxía e fontes de consulta para a tradución inglés / español. O papel de tradutor.	1.1. Problemas e estratexias de tradución 1.2. Fontes de documentación en formato papel, electrónicas, en rede e textos paralelos 1.3. Facturas, tarifas, etc. 1.4. O papel do tradutor como mediador entre culturas. 1.5. Pragmática intercultural: inglés como lingua franca.
2. A tradución de textos	Problemas de trasvase nos textos e estratexias de tradución. 2.1. Textos divulgativos 2.2. Textos turísticos 2.3. Textos humanísticos 2.4. Textos literarios breves
3. Contextos culturais: Estados Unidos e Australia	3.1. Aspectos culturais dos Estados Unidos 3.2. Aspectos culturais de Australia
4. Control de calidade	4.1. Análise crítica e avaliación de traducións
* IMPORTANTE:	(*)
A materia esixe que o estudante traballe pola súa conta os elementos de lingüística contrastiva inglés / español nos niveis ortotipográfico, léxico, morfosintáctico e estilístico.	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	15	0	15
Resolución de problemas	15	30	45
Lección maxistral	12	0	12
Traballo tutelado	0	32	32
Actividades introdutorias	6	0	6
Proxecto	3	30	33
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Outras	1	4	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Realizaranse traducións/exercicios sobre cultura dos países anglófonos na aula periodicamente.

Resolución de problemas	Identificaránse os problemas de tradución dos textos e analizaránse as posibles estratexas de trasvase, dun xeito individual ou en grupos.
Lección maxistral	A profesora presentará os contidos teóricos mediante presentacións de power point. Serán sesións, en calquera caso, cun enfoque práctico.
Traballo tutelado	Os alumnos han de realizar unha encomenda de tradución individual e un proxecto en grupos.
Actividades introductorias	A profesora explicará detalladamente a guía docente, con especial atención ao apartado de contidos e avaliación. Os alumnos de intercambio haberán de realizar unha proba de nivel. Dependendo dos resultados, recomendaráselles (ou non) matricularse na materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A profesora atenderá ao alumnado tanto na clase como nas titorías.
Actividades introductorias	A profesora atenderá ao alumnado tanto na clase como nas titorías.
Traballo tutelado	A profesora estará a disposición do alumnado para calquera dúbida que poida xurdir en relación co traballo de curso, no horario de tutorías.
Probas	Descrición
Proxecto	A profesora estará a disposición do alumnado para calquera dúbida que poida xurdir en relación co proxecto en grupos, no horario de tutorías. Toda a información do proxecto e outras tarefas estará dispoñible en FAITIC.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	O alumnado deberá facer unha encomenda de tradución cun comentario crítico que xustifique as súas propostas. O traballo será individual. Data de entrega: semana do 22 ao 25 de outubro.	25	A2	C3 C4 C8 C27	D4 D9	
Proxecto	O alumnado debe facer un proxecto en parellas ou en pequenos grupos sobre aspectos culturais de EEUU ou Australia. Ten que facer unha presentación na clase (15%) e unha tradución comentada (20%). As intrucións completaránse na clase. Data entrega das dúas tarefas: novembro.	35	A2 A3 A4	C2 C8 C17 C22	D7 D9 D14 D17	
Exame de preguntas de desenvolvemento	O exame constará dunha tradución dunhas 250 palabras con comentario traductolóxico. O alumnado ten que aprobar o exame para aprobar a materia. A proba realizarase na data oficial fixada pola FFT.	30	A1	C1 C17 C22 C27	D4 D9 D22	
Outras	Traballo individual sobre unha novela escrita en lingua inglesa. Data de entrega: semana do 8 ao 11 de outubro (5%). Traballo individual sobre tradutor e cultura (data a concretar, 5%).	10	A1	C3 C33	D17 D23	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

O alumnado ten que ler unha novela escrita en lingua inglesa e entregar un traballo obrigatorio sobre a mesma.

A avaliación continua é a modalidade de ensino esperable. Enténdese que un alumno segue a avaliación continua se presenta TODOS os traballos en tempo e forma e realiza as probas propostas na materia. Aqueles alumnos que non desexen acollerse a esta avaliación (e, por tanto, fagan á avaliación única) deberán comunicalo por escrito durante as primeiras dúas semanas de clase.

Se, por causa de forza maior (traballo, enfermidade) debidamente xustificado, o estudante non puidese seguir a avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única.

O alumnado acollido á avaliación continua que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo debe superar un exame con todos os contidos do curso. Non se manterán as partes aprobadas para xullo.

Penalizarase acopia e o plaxio.

Na avaliación, é importante non só a calidade do contido, tamén a corrección lingüística.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade presencial (avaliación continua) poderá acollerse á única. Nese caso, a

avaliación realizarase por medio dunha única proba consistente nun exame que terá lugar na data oficial fixada pola FFT. De non superar a materia na primeira edición de actas, disporá dunha segunda oportunidade en xullo (2ª edición de actas). A proba terá lugar na data fixada pola facultade.

O exame final incluírá cuestións teóricas e prácticas relativas á totalidade de contidos abordados ao longo do cuadrimestre. A nota mínima que se require para superar esta proba é de 5 sobre 10. Como material de apoio só é posible utilizar dicionarios (as fontes telemáticas non están permitidas). O exame constará dun exercicio de tradución dunhas 250 palabras (60%), cuestións sobre aspectos culturais de EEUU e Australia, sobre a novela de lectura obrigatoria e unha (posible) pregunta de control de lectura teórica (40%).

Penalizarase a copia e o plaxio cun 0.

Na avaliación, é importante non só a calidade do contido, tamén a corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades na plataforma de teledocencia Faitic, e estar ao tanto das datas das probas de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Baker, Mona e Gabriela Saldanha, **Routledge encyclopedia of translation studies**, London: Routledge,

Gouadec, Daniel, **Translation as a Profession**, Amsterdam [etc.] : John Benjamins,

López Guix, J.G. e J. Minett, **Manual de traducción inglés > castellano**, Barcelona: Gedisa,

Nord, Ch., "Text Analysis in Translator Training", en **Dollerup, C. e A. Loddegaard (eds.). Teaching Translation and Interpreting**, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins Pub., 40-45,

Nord, Ch., **Translating as a Purposeful Activity: Functionalist Approaches Explained.**, Manchester: St. Jerome,

Toury, Gideon, **Descriptive Translation Studies and Beyond**, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins Pub,

Baker, Mona, **A Course on Translation**, London: Routledge,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Inglés-Español/V01G230V01610

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, IV: Inglés/V01G230V01405

Tradución idioma 2, I: Inglés-Español/V01G230V01410

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia é recomendable aprobar en Idioma 2, IV Inglés.

**** NON SE RECOMENDA QUE SE MATRICULEN NA MATERIA OS ALUMNOS DE INTERCAMBIO QUE NON SUPEREN A PROBA DE NIVEL INICIAL**